

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente: 3906/2024

Asunto: Nomeamento e convocatoria da Mesa de Contratación da licitación do contrato da obra denominado "MELLORA DE BOMBEO DE AUGA POTABLE NO LUGAR DE BRAZOS PARA MINIMIZAR PERDAS DE AUGA cofinanciado pola subvención concedida por Augas de Galicia (DOG núm 20 do 29.01.2024)".

De conformidade co disposto no artigo 326 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, posto en relación coa súa Disposición adicional segunda,
RESOLVO:

PRIMEIRO. Nomear como integrantes da Mesa de Contratación neste expediente ás seguintes persoas:

Presidente:

O concelleiro delegado de obras e servizos.

Vogais:

A secretaria municipal do concello, Ángela Viqueira Allo, ou persoa que o substitúa.

A interventora municipal do concello, María López Docampo, ou persoa que a substitúa.

O arquitecto municipal, Emilio José Piña Ordíz.

Secretaria da Mesa:

A Técnica de contratación, Beatriz González Vecín, ou persoa que a substitúa.

SEGUNDO. Que se publique esta resolución na Plataforma de Contratos do Sector Público.

TERCEIRO. Desta resolución daráselle conta ao Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que este órgano realice de acordo co establecido no artigo 42 do ROF.

Mándao e asíno o Alcalde, na data que figura na marxe, do que, como Secretaria municipal, dou fe, de acordo co recollido no artigo 3.2 f) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

